



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2022

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 12 de xullo de 2022 e extraordinaria do día 14 de xullo de 2022.

2. A designación, consonte aos criterios sinalados no Regulamento para a elaboración do TFG en Dereito, do tribunal avaliador dos Traballos de fin de grao para o curso académico 2022-2023:

Tribunal titular

Presidente: Pablo Raúl Bonorino Ramírez, Catedrático de Filosofía do Dereito

Vogal: Prof. Dr. Fernando de Franco Paz, Titular de Dereito Civil

Secretaria: Prof. Dra. Belén Sánchez Ramos, Contratada Doutora de Dereito Internacional Público

Suplentes

Prof. Dr. Roberto Ignacio Fernández López, Catedrático de Dereito Financeiro e Tributario

Prof. Dra. Marta Fernández Prieto, Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social

Prof. Dra. Francisca Fernández Prol, Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social

3. En relación coa asignación de titor/a para o Traballo de fin de grao ao alumnado de nova matrícula para a primeira convocatoria (novembro):

a) Aprobar os seguintes criterios de asignación:

- Exclusión, a efectos do posterior sorteo, do profesorado que no curso pasado tivera asignados oito estudantes -número máximo de titorización no curso 2021-22- (D. Virxilio Rodríguez Vázquez, D. Roberto O. Bustillo Bolado, D.^a Francisca Fernández Prol, D. Roberto Ignacio Fernández López, D.^a Belén Sánchez Ramos, D.^a Laura Movilla Pateiro e D.^a Marta Fernández Prieto)

- Exclusión, a efectos do posterior sorteo, dos membros do tribunal avaliador do curso anterior 2021-22 (D. Miguel Ángel Michinel Álvarez, D.^a Mónica Siota Álvarez e D.^a Susana Álvarez González).

- Exclusión, a efectos do posterior sorteo, dos membros do tribunal avaliador designados para o presente curso 2022-23 (D. Pablo Raúl Bonorino Ramírez, D. Fernando de Franco Paz e D.^a Belén Sánchez Ramos).

b) A designación, por sorteo entre os docentes restantes, das persoas titoras dos dous alumnos de nova matrícula que o solicitaron:

- D. Alexandre Alonso González: Prof. Dra. Ana María Tobío Rivas

- D.^a Vanesa Vázquez Pulido: Prof. Dr. Guillermo Suárez Blázquez

En relación co exposto, acórdase, así mesmo:

- Comunicar ao profesorado a asignación da titorización dos dous estudantes de nova matrícula.

- Comunicar aos dous estudantes a asignación de titor/a para o curso 2022-23, indicándolles que deben contactar coa persoa asignada co obxecto de consensuar a proposta temática.

¹A documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

- Fixar ata ás 14.00 h do vindeiro 20 de setembro como prazo para que os dous alumnos presenten na Secretaría do Decanato a correspondente proposta temática.
- Remitir aos membros da comisión as propostas temáticas que presenten os dous alumnos a efectos da súa aprobación automática no prazo de 48 horas, salvo que se solicite expresamente convocar unha nova reunión da Comisión permanente para debater sobre a adecuación das propostas.

c) No caso de recibirse máis solicitudes de estudantes establecer, consonte ao sorteo realizado, a seguinte orde de prelación para a asignación da persoa titora:

- 1º. D.^a Inés Iglesias Canle
- 2º. D. J. Agustín González-Ares Fernández
- 3º. D.^a María José Bravo Bosch
- 4º. D.^a María Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 9 de setembro de 2022, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios o día 13 de setembro de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.